| CA5.7 - Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados. | Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira guiada os modelos dados. | | |
| CA5.8 - Recoñecer recursos básicos da linguaxe literaria. | Recoñecer recursos básicos da linguaxe literaria con axuda e en situacións concretas da aula. | | |
| CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso de normas ortográficas sinxelas e adecuadas ao seu nivel, progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación. | Producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, seguindo o modelo discursivo proposto en cada situación comunicativa, iniciándose con axuda no usos de normas ortográficas sinxelas adecuadas ao seu nivel. | | |
| CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua galega, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de produción ou comprensión de textos en contextos significativos. | Formular conclusións sobre o funcionamento da lingua, prestando atención con axuda de guías ou apoios á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), nun proceso acompañado de produción ou comprensión de textos en contextos significativos. | | |
| CA6.4 - Revisar os textos propios e alleos, de maneira acompañada, a partir da observación, comparación e manipulación de palabras nun proceso de mellora na produción e comprensión de textos e mediante o uso guiado de dicionarios físicos ou dixitais. | Revisar os textos propios ou alleos, de maneira acompañada, a partir da observación e manipulación de palabras mediante o uso guiado de dicionarios físicos ou dixitais | | |
| CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz. | Aplicar con axuda os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras ortográficas para favorecer unha comunicación eficaz en contextos escolares | | |
| CA6.6 - Progresar na adquisición de vocabulario galego a través dos textos. | Progresar na adquisición de vocabulario a través dos textos e coas axudas precisas. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido. | Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo con axuda as ideas principais e as mensaxes explícitas. | TI | 64 |
| CA2.4 - Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos. | Elaborar textos orais e multimodais, con planificación acompañada e utilizando recursos non verbais básicos. | | |
| CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade, aplicando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz. | Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade, ampliando con axuda e guía os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario ou as regras de ortografía para favorecer unha comunicación eficaz. | | |
| CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido e aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura e fiabilidade, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta. | Analizar, de maneira acompañada, aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, como medio para ampliar o vocabulario ou consolidar a ortografía correcta. | | |
| CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación de mellora e o gusto pola lectura. | Adquirir a eficacia lectora mediante o gusto pola lectura. | | |
| CA3.8 - Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as súas normas básicas de organización e funcionamento e participando nas actividades organizadas e interesarse por formar unha pequena biblioteca propia con textos da literatura infantil galega. | Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as súas normas básicas de organización e funcionamento e participando nas actividades organizadas. | | |
| CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.. | Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita con axuda en situacións concretas da aula. | | |
| CA3.10 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos. | Construír, a través da linguaxe, de forma progresiva e con axuda do modelado, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos. | | |
| CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información. | Adoptar hábitos de uso seguro das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura de información. | | |
| CA4.5 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversas fontes de información que empreguen a lingua galega acordes cos seus intereses, avanzando na construción da súa identidade lectora. | Ler de maneira acompañada textos de diversos autores e autoras axustados aos seus gustos e intereses. | | |
| CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura, participando, de forma acompañada ou autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar. | Compartir oralmente a experiencia da lectura, participando de forma acompañada e con axuda, en comunidades lectoras de ámbito escolar. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, mediante a realización de actividades literarias e participando na comunidade lectora escolar. | Compartir oralmente a experiencia da lectura, participando de forma acompañada e con axuda, en comunidades lectoras de ámbito escolar. | | |
| CA5.3 - Valorar os textos literarios e a literatura en xeral e especialmente en lingua galega, como fonte de lecer e información. | Valorar con axuda os textos literarios e a literatura como fonte de lecer ou información. | | |
| CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas. | Identificar con axuda a biblioteca de aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas. | | |
| CA5.6 - Escoitar e ler textos variados da literatura infantil universal e galega, que recollan diversidade de autores e autoras, recoñecendo elementos básicos dos distintos xéneros literarios e interpretándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas de maneira acompañada. | Escoitar ou ler textos variados da literatura infantil universal, recoñecendo con axuda elementos básicos dos distintos xéneros literarios e relacionándoos con outras manifestacións artísticas de maneira acompañada. | | |
| CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada. | Comparar con axuda aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Xéneros discursivos<br>- Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).<br>- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo e exposición.<br>- Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral.<br>- Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución oral de textos en lingua galega.<br>- Procesos: produción oral.<br>- Produción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía. Pronuncia e entoación adecuadas, atendendo á particularidade fonética da lingua galega.<br>- Construción, valoración e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais sinxelos.<br>- Creación de textos orais utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.<br>- Contexto<br>- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.<br>- Xéneros discursivos<br>- Estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos, da literatura galega, de uso cotián.<br>- Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).<br>- Elementos básicos de contido (tema, léxico) e forma (estrutura, título, imaxes). |

| Contidos |
| --- |
| - Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo.<br>- Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución de textos escritos, en lingua galega.<br>- Procesos: comprensión lectora.<br>- Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo.<br>- Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos escritos en lingua galega.<br>- Elementos gráficos, textuais e paratextuais progresivamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.<br>- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión dos textos.<br>- Valoración e aprecio da lectura, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.<br>- Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.<br>- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer.<br>- Coñecemento da organización e funcionamento das bibliotecas da aula, do centro e das virtuais e participación nas actividades organizadas. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos con textos propios da literatura galega.<br>- Procesos: produción escrita<br>- Aplicación das normas ortográficas básicas adecuadas ao seu desenvolvemento cognitivo e cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación.<br>- Creación de textos utilizando a lingua galega con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics.<br>- Modelos e estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión de textos escritos sinxelos, en diferentes soportes (incluídos os dixitais), con distintos propósitos comunicativos.<br>- Produción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación o modelo discursivo que corresponda.<br>- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita en lingua galega e a elaboración de textos.<br>- Uso de elementos gráficos e paratextuais básicos que faciliten a organización e comprensión do texto.<br>- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita das compañeiras e os compañeiros.<br>- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.<br>- Estratexias e técnicas para comparar e clasificar a información.<br>- Modelos explícitos para reelaborar a información.<br>- Comunicación creativa do coñecemento, con respecto pola propiedade intelectual das obras de escritores e escritoras galegos e galegas.<br>- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro como fonte de información, aprendizaxe e lecer.<br>- Utilización das tecnoloxías da información e comunicación para a procura da información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.<br>- Construción da identidade lectora a través da lectura de textos en galego e adecuados aos seus intereses, procedentes de diversas fontes de información. |

| Contidos |
|---|
| - Colaboración en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias lectoras compartidas.<br>- Construción da identidade lectora empregando textos da literatura galega. Estratexias para a expresión de gustos e intereses.<br>- Valoración dos textos literarios da literatura en xeral e especialmente da literatura galega como vehículo de comunicación e recurso de lecer persoal.<br>- Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.<br>- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos, atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.<br>- Comprensión, memorización e recitado de poemas, valorando o ritmo e a entoación.<br>- Os elementos constitutivos esenciais da obra literaria (tema, protagonista, personaxes secundarios).<br>- Análise guiada dos recursos expresivos elementais e os seus efectos na recepción do texto.<br>- Elaboración de textos con intención literaria en galego, a partir de modelos dados ou recreando textos literarios.<br>- Creación de textos literarios sinxelos, en prosa ou en verso: contos, poemas, adiviñas, cancións e teatro.<br>- Identificación de xeito acompañado de recursos literarios básicos.<br>- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.<br>- Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito.<br>- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons e letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.<br>- Estratexias para a elaboración guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico. Transformación de enunciados (substitución, cambio de orde, manipulación).<br>- Establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais na estrutura do galego, prestando especial atención ás relacións (xénero e número) que se establecen entre substantivos, adxectivos e verbos.<br>- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás repeticións e sinónimos, á orde de oracións e parágrafos e aos diferentes conectores gramaticais e textuais explicativos.<br>- Estratexias e técnicas elementais de recoñecemento da intención comunicativa e do uso guiado de dicionarios, en distintos soportes.<br>- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.<br>- Recoñecemento das distintas clases de palabras (substantivo, verbo, adxectivo, pronomes, artigos). Características e uso de cada clase de palabra.<br>- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario galego. Semellanzas e diferenzas de forma e significado entre palabras da mesma familia léxica ou semántica. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 6 | Actitudes e convivencia lingüística III | 15 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| **Criterios de avaliación** | **Mínimos de consecución** | **IA** | **%** |
|---|---|---|---|
| CA1.2 - Recoñecer a existencia de prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e valorando a pluralidade lingüística da súa contorna e, particularmente, a dualidade lingüística xeral galego-castelán como unha fonte de riqueza cultural. | Recoñecer a existencia de prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, valorando a pluralidade lingüística da súa contorna. | TI | 100 |
| CA1.3 - Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas. | Recoñecer as distintas linguas empregas na súa contorna a través da interacción coas persoas. | | |
| CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios da comunicación, tendo en conta unha valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais. | Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios da comunicación. | | |
| CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero. | Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais. | | |
| CA2.5 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias elementais de escoita activa e respectando as normas básicas da cortesía lingüística. | Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando con axuda estratexias elementais de escoita e respectando as normas básicas de cortesía lingüística. | | |
| CA2.6 - Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións. | Expresarse de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, seguindo modelos dados. | | |
| CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra desde unha reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero. | Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios desde unha reflexión grupal acompañada sobre aspectos básicos, verbais e non verbais. | | |
| CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso, progresando na xestión dialogada de conflitos. | Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias básicas para a comunicación, progresando na xestión dialogada de conflitos. | | |
| CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero. | Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios desde unha reflexión grupal acompañada sobre aspectos básicos, verbais e non verbais. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| **Contidos** |
|---|
| - Biografía lingüística persoal e do seu centro educativo.<br>- Valoración da diversidade da lingua na contorna e na nosa comunidade autónoma.<br>- Valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia. |

| Contidos |
|---|
| - Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos. |
| - A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta para achegarse á súa contorna. |
| - Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres. |
| - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas, tendo unha perspectiva de xénero. |
| - Procesos: interacción oral |
| - Estratexias de interpretación de elementos básicos da comunicación non verbal. |
| - Interacción oral adecuada en situacións de aula, mobilizando estratexias básicas de cortesía lingüística e asertividade. |
| - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando frases cunha secuencia lineal sinxela e coherente, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación. |
| - Estratexias de expresión e escoita empática de necesidades, vivencias e emocións propias e alleas para a resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero. |
| - Procesos: comprensión oral |
| - Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal e de discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación. |
| - Procesos: comprensión lectora. |
| - Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

Tendo en conta os principios pedagóxicos do Decreto 155/2022, as orientacións para a área de Lingua Galega e Literatura, así como os métodos pedagóxicos da Orde de 26 de xuño de 2023 e todas as decisións recollidas na Concreción Curricular do centro, ao longo da PD empregaranse diferentes recursos metodolóxicos para o deseño das situacións de aprendizaxe:
A. Aprendizaxe baseada en proxectos: partindo dos intereses e motivación do alumnado e tendo en conta as súas fortalezas, estilos de aprendizaxe e estilos de expresión, desenvolveranse tarefas integradas e globalizadas para a posta en marcha desempeños interdisciplinares. A través destes proxectos contribuiremos á posta en práctica de aprendizaxes contextualizadas, á resolución de problemas reais e á análise e toma de decisións.
Co desenvolvemento desta metodoloxía pretendemos afondar nas aprendizaxes da Lingua Galega e Literatura a través de situacións de aprendizaxe contextualizadas nas que o alumnado demostra o seu coñecemento, habilidades e actitudes con respecto aos criterios de avaliación establecidos.
Esta metodoloxía será empregada do mesmo xeito no resto de áreas curriculares (Ciencias Sociais, Ciencias da Natureza e Matemáticas), contribuindo á posibilidade de crear proxectos interdisciplinares mais amplos, e realizando actividades vinculadas ao Proxecto Documental Integrado de centro.
B. Aprendizaxe Cooperativa: establecendo con equipos base estables e traballo en equipo a través de diferentes estruturas simples e complexas, dinámicas de cohesión e seguemento e avaliación do traballo.
A organización e o deseño de actividades a través de aprendizaxe cooperativa permite contribuír ao desenvolvemento das habilidades e competencias sociais. Promoverase a escoita activa, o respecto das opinións, a responsabilidade individual e a corresponsabilidade na anállise e toma de decisións para a resolución de problemas, así como fundamentar todo o proceso de aprendizaxe na axuda mútua.
Para o deseño de situacións de aprendizaxe empregaranse recursos dos tres ámbitos de intervención:

- A. Cohesión de grupo: dinámicas de cohesión de equipo e gran grupo, xogos de autocoñecemento e coñecemento ou resolucións de conflitos.
- B. Traballo en equipo como recurso: estruturas simples (folio xiratrio, 1-2-4, lapis ao centro, saco de dúbidas, parada de 3', lectura compartida, o xogo das palabras, entre outras) e estruturas complexas (grupo de expertos e

grupo de investigación)

- C. Traballo en equipo como contido: plan de equipo, diario de sesións, avaliación de roles, obxectivos e funcionamento do equipo

Os equipos base de carácter heteroxéneo faranse procurando un equilibrio e axuda mutua en función do perfil e características de todo o alumnado. Poderán modificarse ao longo do curso en función das necesidades educativas detectadas para o maior rendemento e aproveitamento individual.
Esta metodoloxía será empregada do mesmo xeito no resto de áreas curriculares, contribuindo á convivencia e atención á diversidade a través da axuda mútua e á cooperación. Este feito permite que esta cooperación estea vinculada ao proceso educativo completo na escola, de xeito que estas aprendizaxes non marquen a cualificación da área, senón que contribúan ao desenvolvemento persoal e integral do alumnado. Aínda así, recóllense os criterios de avaliación que contribuirán ao desenvolvemento destas destrezas desda a área (UD2, UD4 e UD6).
C. Estacións de aprendizaxe: emprego de propostas de actividades multinivel para a aprendizaxe autónoma do alumnado segundo os seus ritmos de aprendizaxe e facendo fincapé en conceptos imprescindibles.
As estacio¿ns de aprendizaxe organizaranse nas aulas de xeito intradisciplinar, aglutinando varias estacio¿ns tema¿ticas coas destrezas principais relativas a¿ competencia lingu¿i¿stica: comprensio¿n lectora, expresio¿n escrita, ortografi¿a, vocabulario e biblioteca de aula. Durante o tempo de estacio¿ns o alumnado responsabilizarase individualmente de completar satisfactoriamente exercicios e actividades sinxelas en relacio¿n a¿ estacio¿n correspondente, aglutinando as su¿as producio¿ns.
O tempo de permanencia en cada estación será de 20 minutos, rematados os cales o alumnado rotará a outra estación temática. A xestión de tempos breves con períodos de descanso nas rotacións permite un aumento da eficacia e eficiencia no traballo.
Esta metodoloxía permite o desenvolvemento autónomo do alumnado, contribuindo á súaa organización e hábitos de estudo. Na proposta de exercicios e actividades de cada unha das estacións, o alumnado atoparase con propostas de diferentes niveis de dificuldade, buscando unha organización multinivel que permita a resolución acorde aos diferentes niveis curriculares da aula dunha misma aprendizaxe ou concepto. Do mesmo xeito, aproveitarase esta organización para o apoio do profesorado, facendo feedbacks persoanlizados e recollendo información precisa da súa evolución nas destrezas instrumentais básicas.
D. Aprendizaxe baseada no pensamento: emprego dun conxunto de ferramentas e recursos que permiten facer visibles os procesos cognitivos na aula, ensinando a pensar de xeito reflexivo, crítico, creativo e eficaz, promovendo a infusión curricular e fomentando unha cultura do pensamento.
Ao longo do desenvolvemento da programación empregaranse diferentes estrategias e ferramentas que facilitarán a asimilación de aprendizaxes, a profundización, a reflexión sobre o propio coñecemento e a construción do propio pensamento. De xeito xeral, empregaranse:

- Rutinas de pensamento: patróns sinxelos de pensamento que poden ser empregados repetidamente, permitindo xerar pensamentos, razoar e reflexionar (vexo, penso, pregúntome; conversa en papel; KWL; un titular; CSI; antes pensaba...agora penso; toma de notas).
- Destrezas de pensamento: patróns de afondamento, apoiadas en organizadores gráficos asociados, pondo en marcha procesos mentais complexos (comparar e contrastar, toma de decisións).
- Organizadores gráficos: ferramentas que axudan a organizar visualmente o pensamento permitindo unha aprendizaxe máis profunda, observando obxectivamente as relacións da información (thinking maps, mapas mentais, diagrama de Venn, liñas do tempo).

Esta metodoloxía permite o desenvolvemento dos procesos cognitivos que vertebran as aprendizaxes recollidas no currículo a través do tratamento da información e conceptos específicos da área. Todos estes recursos e ferramentas se empregaram no resto das áreas, promovendo a interdisciplinaridade e o desenvolvemento de xeito globalizado e competencial no alumnado.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Material funxible da aula |
| Material funxible do alumnado |
| Panel dixital da aula |

| |
|---|
| Recursos audiovisuais (vídeos, audios e outras gravacións temáticas) |
| Aplicativos do panel dixital (openboard, lumi, etc) |
| Xogos didácticos lingüísticos: Bananagram, Letra a letra, Palabrea, Tabú... |
| Organizadores gráficos: Thinking maps, mapas mentais, diagramas... |
| Fontes de información físicas e dixitais: libros de consulta, libros temáticos, revistas, xornais... |
| Recursos ambientais do centro: biblioteca, Polo creativo, zonas exteriores, horta... |

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliacio¿n inicial realizarse a trave¿s de diferentes actividades nas que o alumnado debera¿ situar os seus con¿ecementos en relacio¿n a¿ a¿rea, asi¿ como o clima e disposicio¿n a¿ aprendizaxe.
As actividades planificadas na avaliacio¿n inicial de curso, tera¿n un cara¿cter interdisciplinar, aproveitando o tempo de permanencia nas titori¿as e introducindo un modelo de traballo no que as aprendizaxes poden xeneralizarse, mantendo o propio desenvolvemento da disciplina en cuestio¿n.
Neste caso, empregaremos cuestionarios sobre as destrezas instrumentais ba¿sicas, principalmente para a recollida de informacio¿n sobre a comprensio¿n oral, a comprensio¿n lectora, a fluided e velocidade lectora e a producio¿n oral e escrita. A trave¿s da simulacio¿n adaptada do programa Cifras e Letras, formularemos propostas lingu¿i¿sticas para que o alumnado poida demostrar su¿a capacidade creativa. Incluiremos tame¿n outras estruturas parsa avaliar a expresio¿n oral e escrita, como o xogo das palabras ou as propias dina¿micas de presentacio¿n da aula.
Avaliaremos outro aspecto fundamental para o deseño do proceso de ensino-aprendizaxe: o clima e relacións nas aulas. Para esta avaliación, analizaremos os informes previos do alumnado e as decisións tomadas en base á distribución do alumnado nas dúas aulas. Ademais, o alumnado contestará preguntas de xeito individual en relación ás súas preferencias e estilos de traballo e aprendizaxe. Paralelamente, ao longo do mes de setembro, os postos na aula de todo o alumnado irán rotando e modificándose, co fin de crear diferentes agrupamentos e observar e comprobar en cada un deles as interacións e a actividade por parte do alumnado. Esta análise permitirá a construción de equipos base o máis axeitada posible ao momento e características do alumnado.
A información recollida a través da avaliación inicial nesta área e no resto delas, permitirá detectar as posibles dificultades, pero sobre todo, encaminarase á deteción de fortalezas, talento e oportunidades no alumnado para a procura dun maior éxito na súa aprendizaxe. Ao finalizar a avaliación inicial, procederemos en reunión de equipo docente (sesión de avaliación inicial) a elaborar o portafolio do talento do alumnado, que permita recoller a información do seu estilo de expresión destacado, o tipo de agrupamento no que traballa máis cómodo e o estilo de presentación da información que lle beneficia, ademais dos seus intereses e características salientables. Esta información, que se revisará polo conxunto do profesorado nas sesións de avaliación, permitirá o deseño de situacións de aprendizaxe personalizadas, tendo en conta os principios do Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA) e facilitando os contexto de aprendizaxe para o éxito de todo o alumnado. Este perfil da aula, será dinámico e flexible, segundo o avance e crecemento do propio alumnado.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **14** | **6** | **21** | **9** | **35** | **15** | **100** |
| **Proba escrita** | 45 | 0 | 47 | 0 | 36 | 0 | **29** |
| **Táboa de indicadores** | 55 | 100 | 53 | 100 | 64 | 100 | **71** |

**Criterios de cualificación:**

Os pesos outorgados aos criterios de avaliación, así como o seu agrupamento e pesos por Unidades Didácticas correspóndese cos criterios de cualificación establecidos para o nivel e a área na Concreción Curricular do centro. De xeito detallado, podemos especificar o seguinte:

- Desempeño competencial: 70% da cualificación da área

O desempeño competencial está asociado aos criterios de avaliación recollidos a través das UD1, UD3 e UD5, nos que se traballará sobre a adquisición de coñecementos, a posta en marcha de destrezas relativas á área, así como habilidades vinculadas ao desenvolvemtno da competencia lingüística. A cualificación realizarase a través de táboas de indicadores (escalas de estimación e rúbricas) e probas escritas (evidencias individuais e colectivas do alumando ao longo de todo o proceso).

- Actitude e convivencia: 30% da cualificación da área

A actitude e convivencia está asociada aos criterios de avaliación recollidos a través das UD2, UD4 e UD6, nos que se traballará sobre as habilidades de participación, respecto das opinións, traballo en equipo e responsabilidades individuais. A cualificación realizarase a través dunha táboa de indicadores (rúbrica) de aprendizaxe cooperativa que incluirá á refrencia ao traballo en equipo e ás responsabilidades individuais e que será común para todas as áreas, incluíndo as habilidades referidas nos criterios de avaliación correspondentes. Os diarios de sesión e os plans de equipo, formarán parte das evidencias recollidas para a avaliación destes criterios.
Cómpre aclarar neste apartado que por Actitude e Convivencia, non nos referimos a comportamento e/ou condutas reguladas mediante NOFC, Lei 4/11 e D8/15 de Convivencia (o comportamento non é avaliable), senón que este apartado se refire ao establecido na concreción curricular aprobada o curso 22-23 sobre motivación, interese, participación..., observable en comportamentos como "mostrar actitude de...", "traballar de forma cooperativa", "Expresar actitudes positivas"...que están recollidas nos criterios do currículo.
A cualificación positiva na área está condicionada a unha cualificación igual ou maior de 5 na avaliación ordinaria. O cálculo da cualificación ordinaria, segundo o establecido para a área e o nivel na Concreción Curricular do centro, supón progresiva importancia de cada un dos trimestres, supoñendo que a cualificación positiva no último sexa reflexo na cualificación ordinaria. Este peso está xa introducido nos pesos na cualificación das UD de xeito que se respecte o recollido nos documentos de centro.

**Criterios de recuperación:**

En caso de promocionar a 4º de EP cunha cualificación negatina da área, considérase que o alumnado recupera as aprendizaxes desta programación no momneto que teña superada a área no seguinte curso. Este feito darase polo carácter da propia área, na que os ccriterios de avaliación do seguinte curso engloban os anteriores, de xeito que a súa superación supçon adquirida as aprendizaxes anteriores.
Aínda así, será responsabilidade do profesorado que imparte a área establecer aqueles indicadores non superados no presente nivel, para poder incidir sobre eles nos vindeiros cursos.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Seguindo a Orde de 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 de atención á diversidade, nesta programación desenvolveranse diferentes medidas de atención á diversidade:
A. Medidas ordinarias:

- Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado.

- Adecuación da programación didáctica ao alumnado e ás circunstancias do seu entorno.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- Adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

B. Medidas extraordinarias:

- Adaptación curricular
- Apoio do profesorado de PT e/ou AL

As medidas ordinarias levaranse a cabo a través do propio deseño da programación e das situacións concretas de aprendizaxe. Neste senso, as decisións metodolóxicas e o emprego dos recursos didácticos son fundamentais para a atención á diversidade. Todas estas decisións están baseadas nos principios do DUA como enfoque que permite deseñar contextos de aprendizaxe personalizados no que todo o alumnado sexa capaz de aprender e nas que as súas características teñan acollida. Estes principios son:
1. Proporcionar múltiples medios de presentación da información.
2. Proporcionar múltiples medios de acción e representación.
3. Proporcionar múltiples formas de implicación.
No conxunto do alumnado contamos con 9 alumnos/as que presentan NEAE, dos que 1 pertence ao alumnado NEE. Todos eles se escolarizan de xeito equitativo nas dúas aulas, contando con agrupamentos axeitados ás súas características. A alumna con NEE conta con apoio do profesorado de PT e Adaptación Curricular nalgunha área.
Tamén se terán en conta as consideracións e recomendacións incluídas nos protocolos de atención educativa publicados pola Consellería.
O trascorrer do curso e a realización e análise das diferentes actividades, así como os datos recollidos a través das avaliacións, permitirán introducir modificacións e axustes necesarios en relación á programación co fin de dar unha resposta eficaz e eficiente a todo o alumnado.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Fomento da creatividade | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Espírito científico | X | | X | | X | |
| ET.7 - Emprendemento | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - Igualdade entre mulleres e homes | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - Educación para a paz | X | X | X | X | X | X |
| ET.10 - Educación para o consumo responsable | X | X | X | X | X | X |
| ET.11 - Desenvolvemento sustentable | X | X | X | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.12 - Educación para a saúde | X | X | X | X | X | X |
| ET.13 - Creatividade, autonomía, traballo en equipo e sentido crítico | X | X | X | X | X | X |
| ET.14 - Non discriminación, igualdade, rexeitamento de estereotipos e contidos sexistas | X | X | X | X | X | X |

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Clube de lectura | Promoverase a creación dun clube de lectura segundo os intereses do alumnado que se levará a cabo no tempo da hora de ler | X | X | X |

**Observacións:**

Podera¿n engadirse actividades complementarias segundo propostas xurdidas ao longo do curso e que quedara¿n reflectidas nos correspondentes documentos de centro segundo as su¿as caracteri¿sticas.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| A organización e secuencia das UD foi adecuada ás características do alumnado. |
| Os criterios de avaliación de cada UD foron acordes ás características do alumnado. |
| Os contidos de cada UD foron acordes para a súa adquisición efectiva por parte do alumnado. |
| Metodoloxía empregada |
| A metodoloxía empregada promoveu a participación de todo o alumnado de forma activa. |
| O principio 1 do DUA (Proporcionar múltiples formas de presentación da información) respectouse ao longo das UD. |
| O principio 2 do DUA (Proporcionar múltiples formas de representación da información) respectouse ao longo das UD. |
| O principio 3 do DUA (Proporcionar múltiples formas de implicación) respectouse ao longo das UD. |

| |
|---|
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Os recursos didácticos e materiais empregados foron variados, reais e acordes ás situacións de aprendizaxe. |
| As medidas de atención á diversidade adaptáronse de xeito efectivo tendo en conta as necesidades educativas detectadas en cada momento. |
| Clima de traballo na aula |
| As interaccións entre o alumnado foron axeitadas, contribuíndo á consecución das aprendizaxes. |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| A coordinación entre o profesorado participante na aula foi axeitada. |

**Descrición:**

Estes indicadores teranse en conta no seguimento mensual da PD, tal e como se especifica na Orde de 26 de maio de 2023. A avaliación destes descritores recollerase a través das sesións de ciclo, quedando reflectida en acta as necesidades de modificación pertinentes.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A trave¿s da programacio¿n de aula desen¿aranse as actividades concretas para o desenvolvemento efectivo desta programacio¿n, seleccionando os recursos, tempos e formatos axeitados en cada momento. Este desen¿o e desenvolvemento permitira¿ facer o seguemento da programacio¿n, a trave¿s da constatacio¿n dos obxectivos marcados. Seguindo o recollido na Orden de 26 de maio de 2023, mensualmente farase unha ana¿lise do desenvolvemento efectivo da PD, recollendo as modificacio¿ns e adaptando o proceso de aprendizaxe a¿ realidade en cada momento nas aulas.
As modificacio¿ns sera¿n recollidas na memoria final, inclui¿ndo as propostas de mellora en funcio¿n daqueles indicadores non acadados ou das dificultades que se presenten no desenvolvemnto da programacio¿n. Entre estas propostas de mellora poden incluirse a posibilidade de reorganizar os criterios de avaliacio¿n e contidos cunha secuencia diferente ou o emprego de novos recursos.

## 9. Outros apartados